
PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A DUPLICACIÓN DE INVESTIMENTOS E SERVIZOS RELACIONADOS CO NOVO CONTRATO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

O pasado 3 de setembro, o Perfil do Contratante publicou o anuncio para a licitación do subministro de dous puntos limpos móbiles, cun orzamento dalgo máis de 62.000 euros (IVE incluído) e un prazo para a presentación de ofertas que remata o próximo día 20. Este procedemento de contratación iniciouse cando xa está en licitación o novo contrato do servizo de recollida do lixo e limpeza viaria, que establece nos pregos que a empresa adxudicataria se encargará da:

“xestión das instalacións dos puntos limpos municipais de Piñor e polígono do Tambre, así como a posta en marcha dun punto limpo móbil”.

E tamén establece que:

“O licitador proporá un servizo de punto limpo móbil para a recollida de residuos de orixe doméstica, que polas súas características especiais, deban ser xestionadas de xeito diferente ao resto dos mesmos, achegando á veciñanza este servizo de proximidade, en contraste coa funcionalidade dos puntos limpos fixos (...). Os licitadores indicarán, á marxe das características e deseño da instalación, os lugares, frecuencia e horarios a dispoñer, debendo constar como unha proposta aberta, a ser modificada en función dos resultados obtidos e a demanda cidadán existente para o servizo.”

Ademais, o Perfil do Contratante publicou o 25 de agosto o anuncio da licitación do subministro de 600 composteiros individuais de exterior, aireadores e termómetros para a compostaxe doméstica, e para o subministro de catro unidades modulares de compostaxe e un módulo de almacenamento para estruturante para a formación dun centro de compostaxe comunitario no Concello de Santiago. O contrato, para o que se podían presentar ofertas ata o 9 de setembro, tén un orzamento de case 42.000 euros, IVE incluído. O prego do contrato do servizo de recollida do lixo e limpeza viaria sinala que:

“En relación á compostaxe individual, os licitadores deberán propor un proxecto para a xestión integral desta fracción nas vivendas unifamiliares do Concello que así o soliciten. A proposta incluírá un plan de distribución de medios, debendo optar, preferentemente, por composteiros individuais de modelo austríaco de aproximadamente 320 litros, de plástico 100% reciclado e reciclable, aínda que tamén

terá cabida a proposta doutras opcións que melloren as prestacións funcionais ou ambientais do anterior. Contemplanse tamén a dotación de elementos adicionais para favorecer a manipulación e control do proceso, consistentes nun kit de utillaxe para remexer a mestura e para medir a súa temperatura. Como soporte do anterior, e nos casos nos que resulte necesario, deberá achegarse material estruturante axeitado e suficiente para facilitar a participación no proceso de compostaxe por parte da empresa adxudicataria". Os pregos tamén recollen a obriga da nova empresa adxudicataria de facerse cargo da "Operación e mantemento das illas de compostaxe comunitario existentes ou das que se podan poñer en funcionamento durante a afección do contrato e segundo os criterios que se informen dende os servizos municipais".

Estes contratos para o subministro dos puntos limpos móbiles e dos 600 composteiros están vinculados a unhas axudas da Dirección Xeral de Calidade Ambiental da Xunta de Galicia, con cargo a fondos europeos FEDER, que quedaron resoltas o 12 de novembro de 2020. Parece evidente, entón, que o Goberno sabía destas licitacións antes de iniciar o procedemento de licitación do servizo de recollida do lixo e limpeza viaria, a finais de abril de 2021, e tardou dez meses en tramitar os contratos para os que recibiu as axudas autonómicas con fondos europeos.

A maiores das licitacións vinculadas ás axudas autonómicas, o Goberno aprobou o 13 de agosto unha resolución pola que se inicia o expediente de contratación para o subministro de 170 colectores, 70 deles de carga lateral de 2.000 litros e outros 100 de carga traseira de 120 litros para a recollida selectiva de biorresiduos. Este procedemento súmase ao contrato menor que foi asinado no pasado mes de maio para o subministro de 90 colectores de 800 litros, polos que se pagaron máis de 13.000 euros. Uns contratos, que tamén coinciden coa licitación do servizo de recollida do lixo, cuns pregos que sinalan que a adxudicación:

"inclúe a recollida, transporte e xestión dos residuos, pero tamén o subministro, colocación, limpeza e mantemento dos colectores (en superficie e soterrados) e das illas soterradas e dos medios dispostos para o servizo".

Onde tamén se indica que se incluirá:

"un plan de renovación e substitución do parque de colectores actual, de xeito que se defina a secuencia de retirada e colocación das novas unidades e segundo criterios de racionalidade e evitando as posibles molestias que se puideran derivar á veciñanza".

Tendo en conta todo isto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para a súa resposta **ORAL** a seguinte **PREGUNTA**:

- **Como se van xestionar e cal vai ser o encaixe no novo contrato do lixo dos puntos limpos e os composteiros contratados en virtude dunha subvención autonómica, cre o Goberno que esa axuda estará xustificada o 30 de novembro como é preceptivo, e como se vai garantir a uniformidade e homoxeneidade**

estética dos colectores requerida no novo prego tras a recente compra de 260 novos colectores acordada polo Goberno?

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2021

Xan Duro Fernández

Concelleiro de Compostela Aberta



GRUPO MUNICIPAL

